

## **5 Urbanismo, obras e servizos**

### **5.1 Resolución de expedientes de contratación**

#### **5.1.1 Resolución do expediente de contratación da obra “Adecuación da praza pública do Couto, en Cospindo”**

Mediante a providencia do 5 de xuño de 2009, o alcalde dispuxo iniciar o expediente para contratar a obra “Adecuación da praza pública do Couto, en Cospindo”. Na providencia motivaba a necesidade e a idoneidade da contratación.

O prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación está incorporado ao expediente.

O alcalde, na Resolución núm. 156/2009, do 8 de xuño, aprobou o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación e declarou o procedemento negociado para adxudicar a obra “Adecuación da praza pública do Couto, en Cospindo”. Na mesma resolución autorizou o gasto.

O concello solicitoulle oferta a tres empresas (Obraxe, S.L., Construcciones López Cao, S.L. e Construcciones Ramón Vázquez, S.L.) e consta no expediente o certificado das ofertas que presentaron as empresas invitadas.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 29.06.2009, adxudicoulle provisionalmente a obra á empresa Construcciones López Cao, S.L, polo prezo de 87813,26 € (75701,09 € de execución material e 12112,17 € de IVE).

O concello publicou no Perfil do contratante o acordo da adxudicación provisional e notificoulle ese acordo á empresa adxudicataria, requiríndoo para que presentase a documentación xustificativa das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a garantía definitiva.

A empresa adxudicataria provisional do contrato presentou a garantía definitiva por importe de 3785,05 €) e a documentación que o concello lle requiriu no acordo de adxudicación provisional.

Os membros da Xunta de Goberno Local ACORDAN, por unanimidade e de conformidade co artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público:

1 Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato da obra “Adecuación da praza pública do Couto, en Cospindo” que aprobou a Xunta de Goberno Local na sesión do 29.06.2009 e que saíu publicada no Perfil do contratante.

2 Dispor o gasto correspondente con cargo á partida 2009.432.9c.601.00 do orzamento vixente.

3 Notificarlle a adxudicación definitiva a todas as empresas candidatas que non resultaron adxudicatarias.

4 Notificarlle este acordo a Construcciones López Cao, S.L., empresa adxudicataria do contrato, e citala para asinar o contrato no prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

5 Publicar a adxudicación definitiva do contrato da obra “Adecuación da praza pública do Couto, en Cospindo” no Perfil do contratante do órgano de contratación.

6 Comunicarlle á empresa contratista que, logo de asinar o contrato, deberá presentar o plan de seguridade e saúde para que o concello o aprobe despois de que o informe o coordinador de seguridade e saúde e para comunicarlle a aprobación á autoridade laboral.

7 Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co que dispón o artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

